

Plan Xeral de Atención á Diversidade



Aprobado o 30 de xuño de 2023.

CEIP Plurilingüe O Mosteirón

INDICE

0. Introducción

1. Xustificación baseada no contexto.

2. Identificación e valoración das necesidades.

3. Destinatarios do Plan

4. Determinación dos obxectivos.

5. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

8. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

9. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

10. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

11. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

0. INTRODUCCIÓN

No artigo 71 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, inclúese a este tipo de alumnos/as e sinala que corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas *altas capacidades intelectuais*, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

No artigo 73 da citada lei, establécese o alumnado con necesidades educativas especiais (en diante, NEE), aquel que afrotan barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación e linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

En consoancia con estes principios, a atención á diversidade configúrase como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei. Isto implica a esixencia de proporcionar unha educación axustada as necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais.

En consecuencia, a Comunidade Educativa debe asumir a pluralidade e diversidade como eixes vertebradores da acción educativa, potenciando e desenvolvendo medidas de resposta o mais eficaces posible para todos os escolares, independentemente das súas condicións socio-familiares e culturais, así como do diferente potencial de aprendizaxe dos mesmos.

Neste marco referencial, entendemos o Plan de Atención a Diversidade como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle ao seu alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas. Con esta adecuación, trátase de intentar conseguir que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e adquiera as Competencias e os obxectivos establecidos para a Educación Primaria.

O Decreto 229/11 de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, establece no artigo 10 que o Plan de Atención á Diversidade concreta todas as medidas e actuacións de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

O artigo 11 do citado decreto fai referencia á elaboración e relación co proxecto educativo:

1. Os departamentos de orientación, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos de ciclo, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladarán ao equipo directivo.
2. O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo.
3. O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD.
4. Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do PXAD, que debe formar parte da PXA.
5. O equipo directivo incorporará a concreción anual do PXAD á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

O artigo 12 establece a estrutura na que se basa o presente plan e no artigo 13 sinala que cada centro establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do PXAD.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

A continuación, realízase unha breve referencia legal sobre as referencias legais máis importantes que afectan ao noso entorno educativo, así como unha exposición das características do noso contexto escolar:

Marco legal

Leis educativas:

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Sobre o currículo e avaliación:

- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da E.I. na C.A. de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na C.A. de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria.
- Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no SE de Galicia.

Orientación educativa:

- Decreto 120/98 de 23 de abril, polo que se regular a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 polo que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- DECRETO 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

- Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 26 de mayo de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23

Datos de identificación do centro e do seu contexto

1.1.-Datos do Centro

Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe O Mosteirón

Localidade: Mosteirón, Sada

Nº de Unidades: Ed. Infantil: 3

Primaria: 12

Nº de alumnos: 290

I.E.S. ao que está adscrito: I.E.S Mosteirón

Zona Educativa: Sada, A Coruña.

1.2.-Recursos materiais

Aulas xerais :

Ed.Primaria 12

Ed.Infantil:..... 3

Aulas específicas:

Pedagogía terapéutica: 1

Audición e linguaxe: 1

Orientación..... 1

Música: 1

Informática..... 1

1.3.-Recursos humanos

Persoal docente:

-Profesores –Titores

-Primaria..... 12

-Educación Infantil..... 3

-Especialistas

-Filoloxía inglesa..... 2

- Filoloxía Francesa (titoría) 1

-Educación Musical..... 1

-Relixión..... 1

-Apoio E.Infantil 1

-Educación Física....

..... 2

-Pedagogía terapéutica.... 1

-Audición e linguaxe..... 1

-

Orientadora..... 1

Persoal non docente:

-Conserxe..... 1

-Administrativa..... 1

- Auxiliar técnica educativa..... 1

Asociación de nais e pais de alumnos (A.N.P.A.)

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

PROCEDEMENTO PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

A detección e valoración das necesidades educativas especiais realízase mediante as seguintes actuacións:

Avaliación inicial no mes de setembro, sesións de avaliación continua a partir da observación do traballo diario na aula ordinaria por parte do titor/ora. No caso de detectarse dificultades que non responden ao reforzo educativo, sendo ésta a primeira medida a empregar, desenvolverase a **avaliación psicopedagóxica** realizada polo departamento de orientación.

A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa.

A principios de curso, segundo a orde do 9 de xuño de 2016 que se regular a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo. Se existen estas o comunicará a xefa do Departamento de Orientación.

Os **posibles signos de alerta** poden estar relacionados con:

- Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade auditiva.
- Dificultades no desenvolvemento da linguaxe.
- Dificultades ou limitacións para realizar movementos que poden condicionar o desenvolvemento doutros ámbitos.
- Dificultades de conducta: posible problemática relacionada co Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade, outras.
- Indicadores de risco social.
- Indicadores dunha posible problemática relacionada co Trastorno xeneralizado do desenvolvemento.
- Dificultades no desenvolvemento cognitivo.

O reforzo educativo como primeira medida ante unha dificultade descuberta:

Ante a **detección** de calquera problemática que xurda no alumnado, a **profesora ou profesor titor ou de área** deberá poñer en marcha medidas de reforzo educativo (en diante RE) de carácter ordinario que poden implicar adecuacións na metodoloxía, actividades ou recursos (artigo 48 da orde do 8 de setembro de 2021). Estas medidas de reforzo educativo de tipo ordinario impartidas polo profesorado deberán ser

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

recollidas no **Documento de RE** (modelo I) que existe para o efecto. Este reforzo educativo deberá informarse á xefatura de estudos e a nai, o paio ou as persoas titoras legais do alumno.

O desenvolvemento das medidas de RE levaranse a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o RE pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Segundo a gravidade do caso e cando as medidas de reforzo educativo resulten insuficientes o profesorado poderá solicitar a intervención do Departamento de Orientación.

As medidas de RE reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos, levados a cabo segundo o modelo establecido polo centro tendo en conta o exposto no anexo I da orde do 8 de setembro de 2021.

Demanda de intervención ao departamento de orientación:

Segundo a gravidade do caso e cando as medidas de RE resulten insuficientes o profesorado poderá solicitar a intervención do departamento de orientación para a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

O profesorado titor realizará unha **demanda de intervención** por escrito que se concretará no cuestionario a tal efecto (ver anexo II do presente plan).

Recollida a demanda, a partir da información rexistrada polos profesionais mencionados, a persoa responsable do Departamento de Orientación realizará a **avaliación psicopedagóxica** do alumno/a. Para facer esta análise, empregaranse os instrumentos que se consideren oportunos na recollida de información do alumno/a e do contexto que o rodea co obxecto de coñecer as necesidades globais que presenta e plantexar unha hipótese sobre a problemática que amosa.

Previamente á avaliación psicopedagóxica, a orientadora comunicarllo ao equipo directivo a través das reunións semanais e o titor/a contactará coa familia, que dará o permiso pertinente para realizar esta valoración (ver anexo III).

Con todos os datos obtidos, o departamento de orientación levará a cabo unha toma de decisións para planificar e dar resposta educativa que máis se axeite ás súas características nas áreas que se consideren oportunas. Por outra banda, ofrecerá asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumno/a e informará á familia sobre as decisións tomadas e as pautas educativas máis axetadas á situación, establecendo os apoios específicos de PT e/ou AL no caso de ser necesario establecer medidas extraordinarias (modelo do anexo V).

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Da comunicación dos resultados da avaliación psicopedagóxica á familia, quedará constancia por escrito (modelo anexo IV)

Este proceso será continuo e formativo, revisando as medidas que se estean levando a cabo e asesorando no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nun principio tentarase dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas, e de ser o caso, medidas extraordinarias. Resultado da mesma será o **informe psicopedagóxico** (realizado segundo o artigo 21 da orde do 8 de setembro de 2021), no que, se recollerán os datos persoais do alumno, datos da demanda e motivo da avaliación, desenvolvemento xeral do alumno/a, aspectos relevantes dos procesos de ensino e de aprendizaxe, identificación, de ser o caso, da necesidade específica de apoio educativo, proposta de recursos e medidas de atención á diversidade, orientacións para a intervención educativa e procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe.

Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia.

O informe psicopedagóxico resultante dunha avaliación psicopedagóxica tn carácter revisable, polo que se actualizará en calquera momento da escolarización da alumna ou do alumno cando se produzan modificacións significativas da súa situación. En todo caso, a avaliación psicopedagóxica e o correspondente informe psicopedagóxico revisaranse, como mínimo, ao comezo de cada etapa educativa. (artigo 22 da orde do 8 de setembro de 2021)

No caso do alumnado de nova incorporación que presente NEAE reflectidas no informe psicopedagóxico ou ben solicitante de praza para NEE, realizarase unha entrevista coa familia do alumno/a na que se recadarán os datos máis importantes referidos a detección do alumno/a con dificultades de aprendizaxe, valoración no contexto da aula, adopción de medidas ordinarias polo titor/a, atención individualizada, cambio de compañeiros...

Derivación ao EOE:

No caso de alumnado de nova incorporación, cando se identifiquen determinados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade física, sensorial..., se lle pedirá aos pais a documentación xunto a matrícula, que así o acredite. Esta situación poñerase en coñecemento do Equipo Directivo que, a súa vez, o comunicará á Inspección de zona para que llo transmita o EOE co fin de realizar unha avaliación máis exhaustiva. Axuntarase un informe do departamento de orientación do centro á solicitude dirixida ao EOE.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Trátase de ter en conta todas as variables que poidan influír na súa aprendizaxe, de tal forma que, tras unha valoración da situación nun marco educativo concreto, se articulen todas as medidas pedagóxicas que se poidan aplicar no ámbito do centro.

Para o resto do alumnado escolarizado no centro, no caso de realizar a avaliación psicopedagóxica e considerarse necesaria a intervención do EOE para completar a valoración do centro, información sobre recursos e materiais, asesoramento e apoio.

Informarase sempre á familia da solicitude desta intervención.

A solicitude realizarase segundo o documento específico establecido, a través da Inspección Educativa e adxuntando informe psicopedagóxico actualizado do alumno/a.

Coordinación con Servizos Externos:

Hai que resaltar que, en moitas ocasións, no proceso de avaliación psicopedagóxica trabállase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É frecuente detectar indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área educativa e sanitaria simultaneamente.

Nestes casos comeza o proceso como se explicou anteriormente, aínda que tamén pode ser que sexa o/a pediatra o que detecte sinais de alerta que requiran dunha intervención psicopedagóxica.

Elaborarase un informe educativo destinado aos servizos sanitarios, segundo o protocolo de coordinación con saúde mental, poñéndoo en coñecemento do equipo directivo do centro. Así mesmo comunicarase o contido do mesmo aos pais ou titores legais do alumno/a.

Unha vez que o/a pediatra teña no seu poder o informe derivará ao alumno/a con dificultades ao servizo que considere oportuno.

Nestes casos pídeselle aos pais que soliciten un informe clínico para o centro educativo co fin de elaborar un plan de actuación e seguimento a nivel educativo pero en coordinación cos profesionais sanitarios. Estes datos serán postos en coñecemento do Equipo directivo e do profesorado titor, que terán en conta a súa confidencialidade.

En todo caso, seguirase o establecido no Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá e o Protocolo de Atención Temperá establecido pola Xunta de Galicia.

A familia será informada da celebración das reunións con EOE, servizos sanitarios ou servizos sociais, que se realizarán sempre e cando exprese o seu consentimento (modelo VII).

No que respecta á coordinación con gabinetes externos respectarase a coordinación con aqueles de carácter privado que teñan establecido un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

O centro educativo nunca facilitará directamente a entidades ou asociación información algunha sobre o seu alumnado e as súas familias, aínda que así o solicite por parte da familia e da asociación ou entidade á que pertence, salvo naqueles casos nos que conste este convenio.

Para tal efecto, as familias deberán solicitar de forma expresa esta coordinación mediante un escrito presentado no centro educativo (modelo IX do presente plan)

A periodicidade dos contactos será variable, en función do alumnado obxecto da atención. Ás reunións poderán asistir as persoas que rexenten a titoría, docentes especialistas e a orientadora.

A continuación establécense as asociación que teñen convenio de cooperación educativa coa Xunta de Galicia:

NOME COMPLETO	SIGLAS	CAMPO EDUCATIVO
Fundación M ^a José Jove e INGADA	Maria Jove INGADA	Tratamento alumnado TDAH
Asociación de trastornos de espectro autista de Vigo	TEAVI	TEA
Federación S. Down Galicia	DOW GALICIA	Síndrome Down ou D.I.
Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña	ABAC	BULIMIA ANOREXIA
Asociación pais persoas con parálise cerebral.	ASPACE	PARALISE CEREBRAL
Organización Nacional de cegos. España	ONCE	DISCAPACIDADE VISUAL
Fundación Paidela Galicia	PAIDEIA	Promoción actividades sociais e culturais.
ASPANAES	ASPANAES	TEA
Asociación Raiolas	RAIOLAS	TEA
Asociación galega de familias de persoas afectadas por Asperger	ASPERGA	AUTISMO
Cofederación galega de persoas con discapacidade	COGAMI	DISCAPACIDADE
Fundación secretariado Xitano		COMUNIDADE XITANA

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Federación de Asociación galega de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias.		ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS
Federación de Asociacións de persoas xordas de Galicia.		Alumnado sordo, sordo-cego, discapacidade auditiva.
Asociación de familias de persoas con parálise cerebral.		Parálise cerebral.

3. DESTINATARIOS DO PLAN

O presente Plan de atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo.

Neste último grupo, encadraríamos a aqueles alumnos/as que, por distanciarse do currículo que se propón para o seu grupo, poden precisar, ademais de adaptacións dentro da programación da aula ordinaria, e do reforzo educativo ofrecido, a elaboración de adaptacións curriculares significativas e, por este motivo, poden chegar tamén a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio, menos ou máis especializados. Polo tanto, tendo en conta o establecido no artigo 4.2 do decreto 229/2011 de 7 decembro, este plan vai dirixido:

- *A totalidade do alumnado, diverso ante o proceso de ensino-aprendizaxe.*
- *Alumnado con necesidade específica de apoio educativo, dentro de este grupo:*
 - Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou da conducta.
 - Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
 - Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.
 - Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas ou que manifieste dificultades graves de adaptación escolar:
 - Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.
 - No caso do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo existe un Plan de Acolida no que se establecen as medidas e pautas a seguir no centro para a acolida e inclusión do alumnado inmigrante e/ou de minorías socioculturais.
 - No noso centro o alumnado con NEAE abarca diversas problemáticas tales como: trastornos de aprendizaxe (trastornos de lectura, escritura, cálculo, capacidade intelectual límite, trastorno de aprendizaxe non tipificado), retraso madurativo, TDAH con discapacidade asociada, Trastorno do espectro Autista (TEA), alumnado con discapacidade, alumnos/as de incorporación tardía ao noso sistema educativo, trastornos da comunicación e a linguaxe.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

- Servir de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.
- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axustalos ás necesidades.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co alumnado con neae.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención á intervención directa específica e, incluso, extraordinaria.

Van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, aínda que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

Por regra xeral estas medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, procurando unha resposta educativa o máis normalizadora posible (artigo 4.5 do decreto 229/2011 do 7 de decembro)

MEDIDAS ORDINARIAS

Segundo o establecido no artigo 8 do decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade, inclúense:

- A) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- B) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- C) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe de proxectos e outras que promovan a inclusión.
- D) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- E) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- F) Desdobramentos de grupos.
- G) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- H) Programas de enriquecemento curricular.
- I) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- J) Programas de recuperación.
- K) Programas específicos personalizados.
- L) Programas de habilidades sociais.

A continuación, realízase aclaración dalgunhas das medidas expostas:

Medidas Organizativas:

- Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que se posibilite a posta en marcha das medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do centro.
- Organizar a distribución dos tempos tendo en conta que esta distribución se realiza en función das necesidades do alumnado e que esta suxeita a modificacións permanentemente. De feito os horarios refanse ao longo do curso cando cómpre.
- Coordinar a actuación dos diferentes profesionais. Facilitar, desde a organización do centro, a coordinación necesaria entre os profesionais que interveñen co alumnado a través de reunións realizadas no departamento de orientación.
- Definir seguindo os criterios xerais que nenos/as han de recibir apoio, así como cando e de que tipo. Estes aspectos son contemplados na primeira reunión do DO.
- Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas as súas características e necesidades.
- Tratar de que o número de profesorado que atende ou incide co alumnado ou grupos con características específicas sexa estable. Cando as características dun alumno/a ou dun grupo de alumnos/as o requira, procurarase que o equipo docente que lle atende estea composto polo menor número posible de profesorado.
- Realizar un seguimento individualizado de aqueles alumnos e alumnas cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.
- Revisar o nivel de participación dos pais/nais así como a relación coa comunidade.

Programas de reforzo nas instrumentais básicas, programas específicos personalizados, programas de habilidades sociais:

- Organizar grupos específicos de aprendizaxe das linguas para aqueles alumnos/as que descoñezan as linguas da nosa comunidade, de ser o caso.
- Organización de programas individuais e grupais: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudo, de atención, de enriquecemento curricular, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo, de ser o caso.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Itinerarios do departamento de orientación: Na CCP do 12 de abril de 2021 foron aprobados os seguintes itinerarios a desenvolver trimestralmente na etapa de educación primaria:
 - 1 sesión trimestral de habilidades sociais no 1º ciclo de primaria.
 - 1 sesión trimestral de convivencia no 2º ciclo de primaria.
 - 1 sesión trimestral de mellora da comunicación social e prevención do acoso en 3º ciclo de primaria.
 - 1 sesión trimestral de coeducación en todos os cursos de primaria.
- Taller de habilidades socioemocionais: dirixido a alumando con problemas condutuais e/ou atención. Desenvólvese no tempo lector.

Reforzo do profesorado con dispoñibilidade horaria:

Este profesorado realizará estas tarefas con carácter xeral dentro da aula ordinaria e prioritariamente nas áreas instrumentais para aquel alumnado con neae. Por exemplo, realizar adaptacións metodolóxicas no caso de aplicar RE nalgún alumno.

As súas tarefas poderan consistir en:

- Priorizar obxectivos.
- Variar a temporalización dos mesmos.
- Aplicación de actividades complementarias, de ampliación ou profundización, dirixidas a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez. Este bloque de actividades centrarase sobre os contidos que non se consideran fundamentais para o desenvolvemento das capacidades básicas.
- Actividades de Ampliación. Medidas de profundización e enriquecemento. Para o alumnado de altas capacidades, se deberán propor actividades de profundización e enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- Afianzar os contidos do ciclo anterior.
- Adaptar materiais didácticos.
- Insistir no desenvolvemento das capacidades de tipo afectivo, fomentando a seguridade e a autoestima do alumnado.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- **Modalidades de atención**

– **Reforzo do profesor titor/ora:** O profesor titor/a atende individualmente a un alumno/a que pode seguir o currículo ordinario do curso no que está escolarizado, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada tanto en aspectos curriculares como en estratexias de aprendizaxe e pautas de traballo.

– **Atención específica por parte do profesorado de apoio.** Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiran, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas.

– **Apoios temporais ou permanentes dentro do aula.** Atención por parte do especialista ou doutro profesor/a, que intervén no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto: Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas. O obxectivo é permitir ao profesor levar o ritmo da aula mentres que se lle garante ao alumno con necesidades, o apoio na área e os contidos que se imparten na clase.

– **Atención especializada por parte do profesorado de apoio fóra da aula ordinaria** para traballar aspectos concretos referentes ao desenvolvemento da linguaxe e que serán postos en práctica pola profesora de A.L. Ao remate de cada curso, de cara á organización do seguinte, levarase a cabo unha previsión sobre a cantidade de horas de apoio para os escolares, en función das necesidades.

Adecuación da metodoloxía:

- Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o
- alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras: aprendizaxe cooperativo, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.
- Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais,
- graduando a súa dificultade en función das posibles dificultades de aprendizaxe que podan presentarse e planeándoas de forma que permitan traballar un mesmo contido con niveles de esixencia diferentes.
- Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. Traballo autónomo, actividades dirixidas...
- Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Posibilidade de prever que nun momento determinado coexistan na aula distintas formas de agrupamento, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.
- Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes materias.
- Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes materias.
- Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: Adecuar tempos, criterios e procedementos de avaliación; variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información; unificar criterios e procedementos na recollida de información; rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado; diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.

Adecuación do procedemento de avaliación:

- Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais.
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado en función das súas características.
- Valorar, en todas as actividades, as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que responden aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Segundo o establecido no artigo 9 do citado decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou suponer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da dirección xeral que proceda e, se é o caso, informe xustificativo correspondente do Servizo de Orientación.

Considéranse medidas extraordinarias, entre outras, as que seguen:

- A) Adaptacións curriculares.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- B) Agrupamentos flexibles.
- C) Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL.
- D) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- E) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- F) Grupos de adquisición das linguas.
- G) Grupos de adaptación de competencia curricular.

A Consellería con competencias en materia de educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIAS PROPOSTAS.

Daranse prioridade ás medidas ordinarias sobre as medidas extraordinarias que só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine dado a gravidade da problemática que presentase o alumno/a.

A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen. Evitarase asociar de xeito automático necesidades a medidas, debéndose aplicar, en cada caso, as que máis conveñan á situación do alumno/a.

Onde se levan a cabo:

Todas as medidas expostas serán postas en práctica dentro da aula ordinaria do alumno/a de forma preferente, na medida do posible e da súa funcionalidade. O grupo ordinario ten que seguir sendo a referencia básica. Deben planearse con fins concretos, revisados cada ano. Non deben ir máis alá da finalidade creada.

- **Organización dos apoios:**

Criterios xerais de atención específica por parte do profesorado de A.L. e P.T.

A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexeráse polos seguintes criterios:

1. Atenderase ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e dentro deste, priorizar as intervencións de casos do alumnado con necesidades educativas especiais, en diante NEE que está afectado por unha discapacidade (física, mental, visual, auditiva, Trastorno TEA, trastornos xenéticos, plurideficiencia, determinadas enfermidades raras, trastornos graves da comunicación e a aprendizaxe) trastorno grave de conduta ou TDAH en comorbilidade asociada a unha discapacidade ou trastorno grave de conduta.

Este alumnado terá informe psicopedagóxico do propio centro ou ben do EOE para recibir atención especializada.

2. Outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo (non NEE):

Non van por orde, para a súa inclusión no programa de apoio terase en conta a gravidade segundo o establecido no informe psicopedagóxico.

a) Trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH) sen discapacidade e/ou trastorno grave da conduta asociados.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

b) Retraso madurativo

c) por *trastornos de aprendizaxe que han de estar concretadas no informe psicopedagóxico do departamento de orientación e refírese a:

“un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para a lectura, o cálculo e/ou a expresión escrita -tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual- que interfire negativamente no desenvolvemento do proceso curricular e/ou nas actividades cotiás que requiren a adquisición das anteditas destrezas”.

*Desta forma concrétese en:

Trastorno da lectura

Trastorno de escritura (disgrafía, disortografía)

Trastorno de cálculo (discalculia)

Capacidade intelectual límite

Trastorno de aprendizaxe non tipificado (estudantes lentos, falta de comprensión global)

**Ver orientacións e respostas educativas do alumnado con trastornos da aprendizaxe (guía da Xunta de Galicia)*

d) por altas capacidades intelectuais con informe do EOE e do DO,

e) por incorporarse tardiamente ao sistema educativo (procedente do estranxeiro), se así o aconsella o ditame de escolarización realizado polo departamento de orientación.

f) por condicións persoais ou de historia escolar (manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados)

En caso de confluir varios alumnos/as dentro deste epígrafe, priorizarase sobre a gravidade do problema que sinala o correspondente informe psicopedagóxico.

3. Aquel alumnado que manifeste un desfase curricular significativo (sen estar incluído nos apartados anteriores) e teña unha ACS.

4. Novo alumnado ao que se lle detecte necesidade específica de apoio educativo tendo en conta as prioridades establecidas. Priorizaranse os casos tendo en conta a gravidade indicada no informe psicopedagóxico.

Criterios específicos para asistir á aula de A.L.:

1. Terá apoio o alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo no eido da comunicación e a linguaxe, priorizando as NEE (discapacidade física nos órganos fonatorios, mental, auditiva, trastorno TEA, trastornos xenéticos, plurideficiencia, enfermidades raras, trastornos graves da comunicación e a aprendizaxe, Trastorno TEL) seguindo o establecido nos criterios xerais.
2. Se a demanda fose moi elevada terase en conta como criterios prioritarias as NEE gravidade do problema e a atención temperá no alumnado de menor idade. En caso de dificultades articulatorias, inmadurez ou pobreza de vocabulario, será de atención preferente o alumnado tendo en conta a intelixibilidade do discurso. Priorizarase sobre o alumnado con fala que non resulte funcional tendo en conta os eidos da linguaxe.
3. Os nenos e nenas que necesiten a recuperación concreta dalgún fonema, asistirán soamente durante o tempo necesario para a recuperación do fonema.
4. Cando un alumno supere o seu problema será dado de alta na atención individualizada.
5. Realizaranse actividades de estimulación en Educación Infantil, priorizando no último curso, se houberse dispoñibilidade horaria.

OBSERVACIÓNS FINAIS:

Durante todo o curso cabe a posibilidade de variar o número de alumnos/as que reciban apoio de AL - PT, segundo as necesidades.

En termos xerais, procurarase que as sesións mínimas de PT sexan 3 para notar progresos na evolución do alumnado.

A Xefa do Departamento de Orientación realizará un seguimento destes alumnos de forma coordinada co profesorado de apoio (P.T. e A.L.), asesorando sobre a resposta educativa máis axeitada e realizando/actualizando a avaliación psicopedagóxica cando sexa necesario.

Os apoios fóra da aula non excederán no tempo da terceira parte da xornada lectiva.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

RECURSOS HUMANOS

INTERNOS

- Todo o profesorado do centro, en tanto que dá resposta a toda a diversidade do alumnado: Claustro, Comisión Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Profesorado titor.
- Profesorado especialista das distintas materias.
- Profesorado de apoio: Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).
- En Educación Infantil existe unha profesora de apoio que reforza a tarefa educativa cotiá nas diferentes aulas e nas actividades específicas como psicomotricidade. Así mesmo, atenden aos alumnos que manifestan un proceso madurativo máis lento.
- Equipo directivo.
- Departamento de Orientación (DO)

EXTERNOS

- Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Administración Educativa.
- Servizos Sociais, Servizos médicos...
- Asociacións que teñen convenio de cooperación educativa coa Xunta de Galicia (táboa, pax. 12 do presente PAD)

É necesaria unha total coordinación de todos os recursos humanos existentes nos diferentes ámbitos profesionais que podan incidir no campo educativo. A actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade pretenden.

Coordinación con gabinetes privados externos especializados en atención logopédica e/ou psicopedagóxica:

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

No caso de coordinación con gabinetes privados especializados en logopedia e/ou psicopedagogía, o protocolo de protección de datos da Xunta de Galicia establece que non se poderá intercambiar información con estes centros.

Porén, se a familia desexa que se efectúe esta coordinación, é necesario que realice unha solicitude ao centro educativo mediante modelo que ofrece o centro.

O departamento de orientación establece o seguinte protocolo de actuación con gabinetes externos que atenden fóra do horario lectivo ao alumnado NEAE matriculado no noso centro mediante acta do departamento de orientación (3 setembro 2020):

1. A familia realizará solicitude que presenta no centro educativo. A orientadora diseña un modelo que figura como anexo no presente PAD (anexo IX)
2. Non se pasarán informes nin material ao gabinete, esta xestión realizarase sempre a través da familia.
3. A entrevista realizarase exclusivamente entre o profesorado do centro e os profesionais do gabinete externo sin implicación doutros axentes.
4. As reunións celebraranse unicamente con gabinetes especializados en rehabilitación logopédica e pedagóxica.
5. Se a coordinación non é efectiva, suspenderase o vínculo co gabinete externo implicado.
6. Realizarase acta de cada reunión por parte do persoal docente do centro.

Estes aspectos foron tratados e aprobados mediante a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Ademais, téranse en conta os seguintes aspectos analizados e acordados por todos os membros do DO:

7. As reunións celebraranse a partir do mes de outubro, unha vez rematadas as avaliacións iniciais.
8. No caso de alumnado que inicia a súa intervención nun gabinete novo por vez primeira, haberá que esperar un tempo prudencial para que o recurso externo coñeza ao neno e poda intercambiar impresións co colexio, resultando o encontro enriquecedor para ambas partes.

FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DOS DIFERENTES PROFESIONAIS

Tendo en conta o establecido no artigo 4 da orde 8 de setembro de 2021, os principios de actuación son os que seguen:

Por parte do equipo directivo do centro docente:

1. A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.

2. A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.
3. A información precisa a toda a comunidade educativa dos proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos con que conte o centro docente.
4. A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua de calidade educativa e do éxito escolar do alumnado.
5. A realización do seguimento e da avaliación dos plans e programas, así como de ser o caso, das propostas de mellora que correspondan.

Por parte do profesor titor:

1. A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa titoría.
2. A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.
3. O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.
4. A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que requiran.

Por parte do profesorado de área, materia, ámbito ou módulo:

1. A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.
2. A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
3. A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

4. A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

Por parte dos servizos de orientación educativa:

1. O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con NEAE, en particular.
2. A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.
3. A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das acción que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.
4. A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.
5. A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

Apoio de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe:

Partindo do establecido no artigo 57 da orde do 8 de setembro de 2021, a intervención profesional do profesorado especialista en PT e AL débese entender como un recursos dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEAE.

O profesorado especialista en PT e AL realizarán as seguintes funcións específicas:

- A) Colaborar coa xefatura do DO na proposta de organización da docencia de apoio.
- B) Prestar atención docente directa ao alumnado de NEE, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.
- C) Elaborar os programas para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no presente plan, en colaboración co profesorado de área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa do DO.
- D) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das ACS do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
- E) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- F) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atnde, con voz e sen voto.
- G) Elaborar ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do DO e segundo modelo establecido.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- H) Elaborar informes de seguimento no 1º e 2º trimestres que reflexen os aspectos traballados e evolución do alumno.

En relación ao profesorado especialista en AL, o seu apoio centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

Para traballar a reeducación da produción oral do alumnado as intervencións realizaranse fóra da aula ordinaria.

Características dos programas de intervención do profesorado de apoio:

Deberán considerar:

- As competencias adquiridas e as necesidades educativas qu presena a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagógico.
- O currículo de referencia do alumno ou alumna. De tratarse de alumnado con ACS, deberá considerar o currículo adaptado.
- O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que apica o profesorado de área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.
- A coordinación co profesorado titor e co profesorado de área ou da materia en que o alumnado recibe apoio.
- O seguimento e avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. Esta información darase a coñecer ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.

Memorias de AL-PT

Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna ou alumno, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na cal incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Cantidade de alumnado a que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.
- Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das mterias nas cales realizou as intervencións de apoio.
- Valoración da repercusión das medidas de apio no alumnado.
- Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A memoria entregarse á xefatura do departamento de orientación para incluír, ocmo anexo, na memoria anual dese departamento.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Departamento de Orientación como órgano de coordinación docente:

Membros:

Está composto polos seguintes integrantes segundo o artigo 4 do Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na CA de Galicia:

- **Xefa do DO.**
- **Profesorado de AL e PT**
- **Coordinadores de ciclo en primaria e unha mestra de educación infantil, coordinadora da etapa.**

O DO desenvolve as seguintes funcións segundo o artigo 6 do Decreto 120/98:

- Valoración das necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas do plan de orientación académica (POA) e do plan de acción tutorial (PAT), así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración do proxecto educativo de centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de alta capacidade que presenten os alumnos e as alumnas.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa (hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos...)
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

Estas funcións serán exercidas polo departamento de orientación, sen prexuízo da intervención, cando proceda, dun especialista e das competencias propias do consello escolar e do claustro de profesores.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

COORDINACIÓN INTERNA

Os mecanismos para optimizar a coordinación interna serán os establecidos con carácter xeral no centro:

- Reunións do DO: completo, do profesorado de PT e AL e das titorías co orientador e/ou co profesorado de PT e AL.
- Reunións de ciclo e de nivel.
- Reunións da CCP.
- Reunións co Equipo Directivo.

COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS

Terá lugar nos seguintes casos:

- Cando se o alumnado se traslade a outro centro para continuar estudos e sexa necesaria a coordinación.
- No cambio de etapa de primaria a secundaria co departamento de orientación (DO) do IES ao que estamos adscritos.
- Sempre e cando a xefa do DO do CEIP sexa convocada formalmente a reunión polo Xefe do DO do IES ao que temos adscrición.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO.

Este ámbito tratarémolo empregando reunións cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Proporción de materiais de asesoramento en diversos temas (convivencia, aproveitamento do tempo de estudo na casa, xestión emocional...) para as reunións iniciais do titor ou titora coas familias no 1º trimestre.
- Nestas reunións infórmase sobre as propostas de intervención do DO (itinerarios) incluído o protocolo para a realización dunha posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma. As pautas e directrices para enfocar as reunións colectivas con familias son establecidas en CCP.
- Reunións coa orientadora, para tratar diversos temas: recopilación de información relevante para efectuar avaliación psicopedagóxica, facilitación de asesoramento, suxestións de mellora e comunicación de resultados das exploracións psicopedagóxicas realizadas.
- Reunións de seguemento do alumnado NEAE, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poden participar, ademais do profesorado titor, docentes especialistas e a orientadora.

10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Nos puntos adicados tanto á descrición das actuacións coma ás medidas están detallados os procedementos de actuación. Neste apartado expóñense, por unha parte, con maior detalle os documentos protocolarios segundo o procedemento para derivar alumnado a avaliación psicopedagóxica establecido no punto 2 deste plan de atención á diversidade no que se inclúen, os documentos que empregamos para articular as demandas do profesorado, solicitude de autorizacións e comunicación de medidas adoptadas á familia.

- I. Documento de Reforzo Educativo
- II. Demanda de intervención para solicitar a valoración do D.O. (Tutores-familias)
- III. Información familiar para avaliación psicopedagóxica
- IV. Información familiar de resultados da avaliación psicopedagóxica.
- V. Comunicación a familias da adopción de medidas extraordinarias:
(Apoios AL-PT; programas específicos de OR)

Outros

- VI. Conformidade familiar para solicitude de flexibilización da idade de escolarización
- VII. Conformidade familiar para ditame de escolarización:
(escolarización combinada e alumnado estranxeiro)
- VIII. Solicitude á familia de comunicación con servizos externos.
- IX. Comunicación de altao en apoio de AL/PT (de ser o caso)
- X. Solicitude familiar para coordinación con gabinetes privados externos.

I. DOCUMENTO DE REFORZO EDUCATIVO

**Medida de atención á diversidade destinada ao alumnado que coa modificación dos elementos metodolóxicos pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe. Elaborada polo profesorado que imparte a área en que a alumna/o necesita esa medida e desenvolta no contexto escolar ordinario. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo DO (orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula atención á diversidade)*

NOME DO ALUMNO/A		DATA DE NACEMENTO	
CICLO E NIVEL		CURSO: 20___/20___	
TITOR/A		DATA APERTURA	

NECESIDADE DE MEDIDAS DE REFORZO NA/S ÁREA/S DE:

OBXECTIVO CO QUE SE PLANTEXOU O REFORZO:

- Para superar aprendizaxes anteriores.
- Para adquirir e consolidar aprendizaxes actuais.
- Para ampliar outras aprendizaxes.
- Outros:

TEMPORALIZACIÓN E SEGUIMENTO:

O seguimento será trimestral o 1º e 2º trimestres, realizando as modificacións oportunas. Realizaranse variacións segundo a marcha e a resposta do alumno/a ás actividades propostas.

Ao final de curso, elabórase o informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo(ANEXO I, orde 8 de setembro de 2021).

Con data _____, comunícase á xefatura de estudos.

Con data _____, a familia do alumno foi informada.

O/A mestre/a

Asdo:

En Mosteirón, a ____ de _____ de 2.0__

REFORZO EDUCATIVO – PLAN DE TRABAJO

CONTIDOS A REFORZAR/ HABILIDADES-DESTREZAS

METODOLOXÍA

- Cambios na secuencia de contidos (tratar unicamente os contidos básicos, introducir os traballados anteriormente porque están olvidados,....).
- Distinta temporalización para acadar os obxectivos.
- Cambios na organización da aula (espazo, agrupamentos)
- Adaptación das actividades propostas para o grupo/clase.
- Explicacións verbais individualizadas por parte do profesorado.
- Outros:

.....

MATERIAIS DE APOIO

AVALIACIÓN (marcar cun x)

Normalizada

Adaptacións dos exames:

Orais -- ----- *Test d* *esposta múltiple*

Outros (especificar)

FOLLA DE SEGUIMENTO 1º TRIMESTRE

ALUMNO/A:

Curso:

Grupo:

DATA

VALORACIÓN DAS MEDIDAS DE REFORZO PROPOSTAS:

Positiva:

Debería mellorarse:

Observacións:

VALORACIÓN DO PROGRESO DO ALUMNO COAS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO:

O alumno/a esforzouse pero non acadou resultados positivos.

 O alumno/a esforzouse e acadou resultados positivos. O alumno/a non se esforzou. Outras**MODIFICACIÓNS A INTRODUCIR NA NOVA PROPOSTA:****FOLLA DE SEGUIMENTO 2º TRIMESTRE**

ALUMNO/A:

Curso:

Grupo:

DATA

VALORACIÓN DAS MEDIDAS DE REFORZO PROPOSTAS:

Positiva:

Debería mellorarse:

Observacións:

VALORACIÓN DO PROGRESO DO ALUMNO COAS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO:

O alumno/a esforzouse pero non acadou resultados positivos.

O alumno/a esforzouse e acadou resultados positivos.

O alumno/a non se esforzou.

Outras

MODIFICACIÓNS A INTRODUCIR NA NOVA PROPOSTA:

II. DEMANDA DE INTERVENCIÓN PARA SOLICITAR A VALORACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

(cuestionario a encher polo autor/a da demanda)

PROFESORADO

1. RESPECTO DA DEMANDA:

1.1. AUTOR/A:.....

1.2. RELACIÓN CO ALUMNO/A:.....

1.3. MOTIVO FUNDAMENTAL DA

DEMANDA.....

.....

.....

.....

2. RESPECTO DO ALUMNO/A:

2.1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:

NOME DO PAI:

NOME DA NAI:.....

ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DATOS SALIENTABLES DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros, cursos, cualificacións...):

.....

.....

.....

.....

.....

.....

2.2. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, enfermidades, informes médicos, ...)

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

.....
.....
.....
.....
.....
.....

2.3. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos relacionados coa integración no grupo, coa relación no xogo, coa participación na clase,..)

.....
.....
.....
.....
.....
.....

2.4. DATOS SALIENTABLES DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

.....
.....
.....
.....
.....
.....

2.5. DATOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

.....
.....
.....
.....
.....

2.6. MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO APLICADAS:

.....
.....
.....
.....

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

.....

.....

Mosteirón, ____ de _____ de 20--

Asdo: _____

II. DEMANDA FAMILIAR DE INTERVENCIÓN PARA SOLICITAR VALORACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

(cuestionario a encher pola familia que realiza a demanda)

1. RESPECTO DA DEMANDA:

1.1. NAI/PA OU TITOR/TITORA

LEGALI:.....

1.2. MOTIVO FUNDAMENTAL DA

DEMANDA.....

.....
.....
.....

2. RESPECTO DO ALUMNO/A:

2.1. DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:

DATOS SALIENTABLES DA SÚA ESCOLARIZACIÓN (Centros, cursos, cualificacións...):

.....
.....
.....
.....
.....
.....

2.2. DATOS FÍSICOS E DA SAÚDE:

(Citar aspectos significativos do seu desenvolvemento, problemas de saúde, informes médicos, ...)

.....
.....
.....
.....

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

.....
.....

2.3. DATOS PSICOSOCIAIS:

(Citar aspectos significativos referentes ás relación entre iguais fóra do ámbito escolar, hábitos rútinás...)

.....
.....
.....
.....
.....
.....

2.4. DATOS SALIENTABLES DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR:

.....
.....
.....
.....
.....

2.5. DATOS EN RELACIÓN A INTERESES DO ALUMNO A DESTACAR:

.....
.....
.....
.....

2.6. OBSERVACIÓNS A DESTACAR REALIZADAS NO ÁMBITO FAMILIAR (CREATIVIDADE, VOCABULARIO, EXPRESIÓNS, COMPRENSIÓN DA REALIDADE E OUTRAS QUE SE CONSIDEREN)

.....
.....

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

.....
.....
.....
.....

En Mosteirón, ____ de _____ de 20--

Asdo: _____

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

III. INFORMACIÓN FAMILIAR PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (artigo 16.4 da orde do 8 de setembro de 2021)

Don/a _____, con DNI _____, pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a _____, foi informado da realización dunha avaliación psicopedagóxica, co fin valorar as necesidades educativas que poida presentar o alumno/a e que permita a adopción das medidas de atención educativa axeitadas. Esta avaliación será levada a cabo pola orientadora do CEIP.

Polo que, expón o seguinte:

Quedo informado/a e estou conforme coa proposta

Quedo informado/a e non estou conforme coa proposta

Mosteirón, ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

Nai/Pai/Titor/a legal

Á XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IV. INFORMACIÓN FAMILIAR DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (artigo 16.4 da orde do 8 de setembro de 2021)

Don/a _____, con DNI _____, pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a _____, foi informado/a pola xefa do departamento de orientación dos resultados e das orientacións/ propostas de actuación para mellorar o proceso de ensino/aprendizaxe do seu fillo/a.

En Mosteirón, a ____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

Nai/Pai/Titor/a legal

Á XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

V. INFORMACIÓN APOIO PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Eu, don/a _____ pai/nai/ ou titor/a legal do
alumno/a _____

Escolarizado/a no presente curso escolar 20__ - __ no CEIP PL. “O Mosteirón”

AUTORIZO NON AUTORIZO

a realización do APOIO EDUCATIVO, levado a cabo pola especialista de Pedagogía Terapéutica para mellorar a atención educativa do/a meu/miña fillo/a, despois de ser informado/a polo departamento de orientación do centro. Este apoio específico terá carácter individualizado e este curso realizarase fóra da aula ordinaria.

Mosteirón, ____ de _____ de 202__

A Nai/pai do alumno/a:

Asdo: _____

XEFA DO DPTO. ORIENTACIÓN CEIP PL. “O MOSTEIRÓN”

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

V. INFORMACIÓN APOIO AUDIÇÃO E LINGUAXE

Eu, don/a _____ pai/nai/ ou titor/a legal do alumno/a

Escolarizado/a no presente curso escolar 20__ - __ no CEIP PL. “O Mosteirón”

AUTORIZO

NON AUTORIZO

a realización do APOIO EDUCATIVO, levado a cabo polo especialista de Audición e Linguaxe para traballar aspectos da fala que necesita mellorar o/a meu/miña fillo/a, despois de ser informado/a polo departamento de orientación do centro. Este reforzo terá carácter individualizado e realizarase fóra da aula ordinaria.

Mosteirón, ____ de _____ de 20__

A Nai/pai do alumno/a:

Asdo: _____

XEFA DO DPTO. ORIENTACIÓN CEIP PL. “O MOSTEIRÓN”

V. TALLER HABILIDADES SOCIOEMOCIONAIS

Eu, don/a _____ pai/nai/ ou titor/a legal do alumno/a

Escolarizado/a no presente curso escolar 20__-__ no CEIP PL. “O Mosteirón”

AUTORIZO

NON AUTORIZO

A participación, en momentos puntuais, do meu fillo/filla no taller de desenvolvemento socioemocional, levado a cabo pola orientadora do centro coa finalidade de mellorar as destrezas e habilidades de relación interpersoal, conciencia e xestión emocional. Estas actividades realizaranse fóra da aula ordinaria, dentro do horario lectivo, en momentos puntuais, durante 20 minutos.

Mosteirón, ____ de _____ de 20--

A Nai/pai do alumno/a:

Asdo: _____

XEFA DO DPTO. ORIENTACIÓN CEIP PL. “O MOSTEIRÓN”

VI. CONFORMIDADE FAMILIAR PARA SOLICITUDE DE FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.

SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

D/Dna.....con DNI.....

como pai/nai/titora/titor legal do alumno/a.....

de..... anos de idade e escolarizado en..... nivel de educación

Enderezo do alumno/a a efectos de notificación en:

.....

EXPÓN QUE:

A vista da información dada pola profesora titora e polo Departamento de Orientación sobre as posibilidades de escolarización da nena para o vindeiro curso 22/23, que son as seguintes:

- a) Permanecer un ano máis na etapa/curso de _____
- b) Cursar o _____ nivel da Educación _____

EXPRESA A SÚA CONFORMIDADE PARA QUE:

De acordo coa decisión tomada polo equipo docente de __ curso da etapa de _____, a súa filla permaneza un ano máis na Etapa de Educación Primaria e tramitar así a solicitude da flexibilización da duración do período de escolarización, por ampliación na etapa de primaria (artigo 58 da Orde 8 setembro de 2021).

Sada,,.....de.....de 20__

Asdo:

VII. DITAME ESCOLARIZACIÓN

OPINIÓN FAMILIAR

RESPECTO Á PROPOSTA DE ESCOLARIZACIÓN

artigo 36.5 da orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade.

D/Dña.....con DNI..... como pai/nai/titora/titor legal do alumno/a..... de..... anos de idade e escolarizado en..... nivel de educación

Enderezo do alumno/a a efectos de notificación en:
.....

EXPÓN: Que, sendo informado polo departamento de orientación do CEIP Plurilingüe “O Mosteirón” da proposta de escolarización formulada, en relación á súa filla/o, consistente en:

Escolarización combinada entre o centro ordinario CEIP O Mosteirón (Sada) durante _____ semanais, correspondéndose co _____, e o centro de educación especial, _____ durante _____, sendo estes días _____.

MANIFESTA:

A súa conformidade coa proposta realizada.

En, a..... de de 2023

Asdo. A nai/pai/ou titor/ora legal:

.....

SRA.DIRECTORA CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN

VII. ACREDITACIÓN DA OPINIÓN FAMILIAR SOBRE A PROSTA DE ESCOLARIZACIÓN REALIZADA *(Ditame de escolarización no caso do alumnado procedente do estranxeiro)*

(artigo 36.5 da orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011 do 7 de decembro de atención á diversidade)

D/Dña.....con D.N.I. nº..... como pai/nai/titor/a legal do

alumno.....

Motivo do ditame: Alumna que se incorpora por primeira vez ao sistema educativo con desfase curricular que lle impide seguir as ensinanzas do nivel que lle corresponde por idade.

EXPÓN QUE:

A vista da información dada polo Departamento de Orientación sobre a proposta de escolarización da nena/o para o curso 2_-2_, que é a seguinte:

c) Cursar o ___ nivel de educación primaria.

(A continuación, marcar unha das dúas opcións)

EXPRESA A SÚA CONFORMIDADE PARA QUE:

De acordo coa decisión tomada polo colexio, a súa filla/o curse ___ de educación primaria debido ao desfase curricular que presenta, para acadar un nivel de aproveitamento axeitado.

EXPRESA A SÚA NON CONFORMIDADE COA PROPOSTA REALIZADA.

Sada,,.....de.....de 202__

Asdo:

SRA.DIRECTORA CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN

**VIII. SOLICITUDE DE PERMISO PARA COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON
SERVIZOS EXTERNOS PÚBLICOS AO CENTRO EDUCATIVO.**

Dna/don _____ con D.N.I. _____ Nai, pai ou titor/ora legal do
alumno/a _____ escolarizado/a no curso _____ expresa a súa
conformidade para que o Departamento de Orientación contacte con todos os servizos externos (E.O.E.,
servizos sanitarios e servizos sociais) que sexan necesarios para optimizar o proceso de ensino/aprendizaxe
do seu fillo/a.

E por iso firma o presente documento en Mosteirón, a ____ de _____ de 20__

Sinatura:

Asinado: _____

SRA.DIRECTORA CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN

IX.COMUNICACIÓN Á FAMILIA DE ALTA EN APOIOS DE AUDIÇÃO E LINGUAXE/PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

D./D^a.....

- nai
- pai
- titor/a legal

do alumno/a

escolarizado/a no centro escolar

cursogrupo etapa

confirma que foi informado/a puntualmente da mellora experimentada polo seu fillo/a na competencia lingüística, polo que se propón a alta nas clases de _____

Polo que, expresa a súa conformidade coa medida proposta.

En Sada, a _____ de _____ de 20____

A nai/pai/titor/ora legal:

Asdo:.....

XEFA DO DPTO. ORIENTACIÓN CEIP PL. “O MOSTEIRÓN”

X: SOLICITUDE FAMILIAR DE PETICIÓN DE COORDINACIÓN CON GABINETES PRIVADOS EXTERNOS.

Don/Dona _____ con DNI _____ Nai, pai ou titor/titora legal do
alumno/a _____

Expón que:

O seu fillo/a asiste ao gabinete _____ durante _____ sesións semanais, para rehabilitación da linguaxe /pedagóxica /desenvolvemento socioemocional/avaliación clínica (subliñar a que proceda), fóra do horario lectivo.

Polo tanto, solicita ao centro educativo que os profesionais docentes que interveñen co seu fillo/a se coordinen mediante as reunións que sexan precisas co devandito gabinete externo para axustar a resposta educativa do neno/a.

En Sada, a _____ de _____ de 202_

A nai/pai/titor/ora legal:

Asdo:.....

SRA. DIRECTORA CEIP PLURILINGÜE “O MOSTEIRON”

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o Plan de Orientación, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

Corresponde á Comisión Pedagóxica o seguimento do Plan de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as aportacións do Departamento de Orientación.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos coas medidas de atención á diversidade: programas de apoio e itinerarios de orientación.
- Avaliación do funcionamento e cumprimento dos protocolos do plan (atención de solicitudes de intervención, efectividade das coordinacións con recursos internos e externos...)

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións de ciclo.
- Posta en común na última reunión do Dpto. de Orientación no mes de xuño.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións na CCP e Claustro de Profesores para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se visen alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.

Que avaliamos?

Posibles factores de seguimento:

Plan de Acción Titorial (P.A.T.):

- o seguimento individual e grupal do alumnado,
- o desenvolvemento integral do alumnado,
- a coordinación periódica coas familias,
- a coordinación do conxunto do profesorado de cada grupo, co fin de facer un seguimento de casos e colaborar en determinadas intervencións cando así se requira.

En relación ao PAD:

Alumnado:

- Seguimento dos seus avances e dificultades, axustando a resposta educativa ás súas necesidades.
- Evolución e cambios producidos en actitudes dentro do grupo-clase.
- Actualización as avaliacións psicopedagógicas cando sexa preciso.
- Probas estandarizadas.
- Seguimento das medidas curriculares e organizativas adoptadas.
- Efectividade de programas de intervención.

Programas do DO:

- Fortalezas.
- Dificultades atopadas.
- Propostas de mellora.

Servizos externos:

Terase en conta:

- Axuda proporcionada polos recursos externos na mellora da intervención educativa, convivencia do alumnado e relación con familias.
- Dificultades atopadas.

Indicadores de avaliación

En función das actuacións e medidas establecidas, valoraremos:

- o grao de cumprimento e as dificultades atopadas, coa finalidade de realizar as propostas de mellora máis apropiadas.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- recursos (necesidades, aproveitamento dos mesmos, etc),
- obxectivos,
- actividades ou medidas empregadas, plans desenvolvidos,
- implicación dos axentes involucrados, entre outras posibles variables.

Instrumentos de avaliación

Alumnado:

- Probas estandarizadas do departamento de orientación para realizar avaliación e seguimento dos avances.
- Probas non estandarizadas deseñadas polo departamento de orientación en función das necesidades.

Profesorado:

- Actas que recollan as opinións dos membros do D.O. e titores e especialistas, reflexando as propostas e solucións adoptadas.
- Rexistrar, mediante os protocolos establecidos, o grao de implicación nas medidas acordadas.

Familias:

- Entrevistas persoais para coñecer o grao de implicación das familias.
- Protocolos de actuación en relación ás familias.